

## Patrimonio C

### As Noites do Patrimonio

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España celebra un ano máis **As Noites do Patrimonio**. O Concello de Santiago de Compostela propón unha ampla selección de actividades co obxectivo de:

- **Pór en valor o patrimonio** da cidade dende unha perspectiva ampla, atendendo a unha concepción patrimonial diversa, en construción e participada pola cidadanía compostelá.
- **Difundir elementos patrimoniais** entre a cidadanía compostelá co fin de fortalecer o seu sentido de pertenza.
- **Promover un maior coñecemento** sobre o patrimonio compostelán no conxunto da cidadanía. Resignificar espazos da cidade como propios, fronte a un uso exclusivamente turístico.

As accións propostas enmárcanse en tres liñas de actuación:

**Patrimonio ao vivo - aberto - agora**

## Patrimonio C

### As Noites do Patrimonio



Compostela  
Cultura  
Patrimonio

11-12.SET.26

## Patrimonio C

### As Noites do Patrimonio

Patrimonio ao vivo - aberto - agora

danza  
obradoiros  
visitas guiadas  
exposicións  
portas abertas



## Patrimonio ao Vivo

### 11.SET

19.00 h | Auditorio de Galicia  
(Duración aprox. 90 min)

- **Faladoiro Uti et Abuti (o uso e o abuso)**  
Unha conversa aberta con Roger Bernat sobre o patrimonio, a herdanza cultural e a capacidade da arte para cuestionar e transformar os seus símbolos.  
Acceso libre

### 12.SET

22.00 h | Praza da Quintana  
(Duración aprox. 45 min)

- **Roger Bernat**  
*La consagración de la primavera*  
O artista e director Roger Bernat presenta a súa reinterpretaçión da histórica coreografía de Pina Bausch sobre a música de Stravinski, un auténtico monumento do repertorio contemporáneo de danza. Nesta proposta, o público deixa de ser espectador para formar parte dunha experiencia colectiva que convida a preguntarse que significa, precisamente, conservar as obras mestras que nos foron encomendadas.  
Entrada de balde en [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

20.00 h | Porta do Camiño

- **Real Banda de Cadeiras Encartables**  
Animación musical para as rúas e espazos en que transcorren as Noites do Patrimonio.

21.00 h | Praza de Cervantes

- **Trojanos de Compostela**  
Concerto homenaxe a Alejandro Pérez Lugín no centenario do seu pasamento, a cargo da agrupación musical do Museo Casa de la Troya.

## Patrimonio Aberto

### VISITAS E PERCORRIDOS GUIADOS

- **Pazo de Xelmírez, Tribuna da Catedral e Torre da Carraca**

O gran centro de poder na Idade Media da cidade, a residencia arcebispaal ten lugares impresionantes como o Salón de Cerimonias e acceso directo á basílica e ás torres da fachada do Obradoiro.

20.00 - 23.00 h | Cada 20 minutos e duración aproximada de 30 min.  
Reserva por orde de chegada

- **Casa da Troia**

No centenario do pasamento do escritor e xornalista Alejandro Pérez Lugín, abrimos as portas da pensión de estudantes, hoxe museo romántico, onde ten lugar parte da trama da súa famosa novela.

20.00 - 23.00 h | Visitas guiadas cada 45 minutos.  
Reserva previa para a visita en:  
[visitas@lacasadelatroya.gal](mailto:visitas@lacasadelatroya.gal)

- **Casa RIA**

O antigo sanatorio de Santo Agostiño, actualmente sede da Fundación RIA, abrirá as súas portas á cidade fóra do seu horario habitual. A Cantina transformárase nun Bar de viños.

21.30 h | Reserva previa visita: [eventos@casaria.org](mailto:eventos@casaria.org)

- **Casa do Cabido**

Un dos edificios máis simbólicos da praza das Praterías, acolle a exposición «A cidade que se soñou a si mesma. Arquitectura rexionalista dos anos 20 e 30 do século XX» que será guiada polos comisarios da mostra: Jesús Ángel Sánchez García e Santiago Rodríguez Caramés.

20.00 - 21.15 e 22.15 h | Duración aproximada de 60 min  
Reserva por orde de chegada

### NOITE DE PORTAS ABERTAS

Espazos culturais | 20.00 - 23.30 h

- **Pazo de Xelmírez**  
Praza do Obradoiro.
- **Colexio de Fonseca «A Biblioteca América, un soño inaugurado en 1926»**  
Rúa do Franco.
- **Igrexa de San Martiño Pinario - Museo Diocesano**  
Praza de San Martiño, 3.
- **Zona C. Antiga Casa do Concello**  
Rúa do Preguntoiro, 1.
- **Casa RIA**  
Rúa da Virxe da Cerca, 6.
- **Casa do Cabido**  
Praza das Praterías, 6.

### Patrimonio Agora

Lugares, persoas e traballos que enriquecen o patrimonio actual.

20.00 h - 23.30 h

### NOITE DE PORTAS ABERTAS Obradoiros e Espazos de Arte

- **Mareiras - Espazo de Arte**  
Preguntoiro, 9.
- **Kinga Haudek - Ourivaría**  
San Pedro, 83.
- **Brigantia - Ourivaría**  
San Pedro, 79.
- **Susi Gesto - Ourivaría**  
Algalia de Abaixo, 9.  
Necesaria reserva previa para participar na creación dunha peza colectiva en:  
[susigestoobradoiros@gmail.com](mailto:susigestoobradoiros@gmail.com)